



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Conciliación civil, arbitraje e expedientes de xurisdición voluntaria relativos ao dereito patrimonial (modalidade teleformación)

GRUPO: Cursos Local

ÁREA: Históricos EGAP

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	20
ADMINISTRACIÓN:	XUSTIZA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2007
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Proporcionar formación avanzada sobre a regulación da conciliación no ámbito civil así como sobre o arbitraje e aqueles expedientes de xurisdición voluntaria de contido patrimonial, orientada a perfeccionar coñecementos, a contribuír á carreira profesional e a mellorar a calidade do traballo nas oficinas dos xulgados civís, con inclusión de aspectos prácticos, en particular de utilización das aplicacións informáticas para a tramitación destes procedementos.

DESTINATARIOS

Funcionarios dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

PROGRAMA

- A conciliación preprocesual: concepto; competencia, procedemento, efectos; impugnación do convido.
- A arbitraje: regulación normativa; clases; ámbito.
- O convenio arbitral: requisitos, contido e efectos.
- Os árbitros.
- A formalización xudicial da arbitraje.
- O laudo: anulación e execución.
- Os expedientes de xurisdición voluntaria relativos ao dereito patrimonial.
- A investidura da posesión xudicial.
- As actas de notoriedade.
- Expedientes de liberación de gravames.
- A inscrición de dereitos reais sobre predios inscritos.
- Expediente de dominio.
- A inmatriculación.
- O deslindamento e a colocación de marcos.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Os criterios xerais de selección, respectando as previsións sobre criterios selectivos contidos na resolución da Escola Galega de Administración Pública do 11 de febreiro de 2004 (Diario Oficial de Galicia nº 34, do 18 de febreiro) e tendo en consideración as preferencias alegadas polos solicitantes, serán os seguintes:

1º Non ter participado en cursos de formación continua promovidos pola consellería competente en materia de xustiza desde o ano 2003. Este criterio só será operativo para o primeiro curso no que o solicitante resulte admitido nesta convocatoria.

2º Titulares respecto de interinos.

3º Ter realizado menos cursos desde o ano 2003. Para estes efectos, computaranse os cursos nos que o interesado resultase admitido nesta convocatoria.

4º Estar utilizando ou ter utilizado nos dous últimos anos unha licenza de maternidade, permiso de paternidade, excedencia por coidado de fillos ou familiares ou redución de xornada polos mesmos motivos.

5º Antigüidade, que se resolverá co criterio de maior antigüidade no 50% dos casos e co criterio de menor antigüidade no outro 50%.

2. Non obstante, para os cursos que se identifican nas letras seguintes, o criterio xeral de selección previsto no punto 1º do número anterior será substituído pola superación dos cursos de introdución ás respectivas materias para funcionarios dos corpos ao servizo da Administración de xustiza, organizados en anos anteriores pola Escola Galega de Administración Pública en colaboración coa Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ou organizados directamente pola dita consellería a través da Dirección Xeral de Xustiza. Os cursos de formación aos que será de aplicación este criterio específico e os cursos chave que dan acceso a eles son:

b) Para os cursos Conciliación civil, arbitraje e expedientes de xurisdición voluntaria relativos ao dereito patrimonial (modalidade de teleformación) e o curso Xuízos civís: procesos especiais (división xudicial de patrimonios, proceso monitorio e cambiario e normas especiais dos procesos sobre arrendamentos urbanos e propiedade horizontal): curso Introducción á xurisdición civil.

3. DATOS EDICIÓNS

TELEFORMACION		
LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN		INICIO / FIN: 15/10/2007 a 30/11/2007
NUM. PRAZAS: 210	ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	DATA EXAME:
DOCENTES NOMEADOS		
NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE		